

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 17/11/2023**

ASISTENTES

| | |
|-------------|--|
| PRESIDENTE: | D. Javier Tourís Romero |
| SUPLENTE | D. Jorge Cubela López |
| VOGAIS: | D ^a . M ^a . Isabel Couselo Torres, en substitución de D ^a . Marta Fernández-Tapias Núñez |
| | D. Rafael Domínguez Artime |
| | D. José Carlos López Campos |
| | D. Jesús Vázquez Almuíña |
| | D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez |
| | D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso |
| | D ^a . María Nava Castro Domínguez |
| | D. Carlos López Font |
| | D. Carlos Gómez Prado |
| | D ^a . Ana Laura Iglesias González |
| | D. Gregorio Luis Agís Gómez |
| | D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez |
| | D. Gorka Gómez Díaz |
| | D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez |
| | D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar |

Sendo as doce horas e dez minutos do día dezasete de novembro do ano dous mil vinte e tres, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2023064183)



Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de outubro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PROXECTO “EMPREGO DE MODELOS MATEMÁTICOS EN PRODUTOS NUTRACÉUTICOS A BASE DE TÉ E LÚPULO” (EXPTE.: 2021026389)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción comunitaria, impulso rural e medio ambiente, da finalización en xullo de 2023 do convenio seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A EMPRESA ORBALLO INNOVACIONES FORESTALES, S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “EMPLEO DE MODELOS MATEMÁTICOS EN PRODUCTOS NUTRACÉUTICOS A BASE DE TÉ Y LÚPULO”. (EXPTE.- 2021026389).

A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia a tecnoloxía e a innovación; a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento á investigación e á innovación de Galicia, e a Lei 6/2001 Orgánica de Universidades constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación, empresas e entidades sen ánimo de lucro, coa fin de dar una resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico.

A Deputación de Pontevedra, é unha entidade de dereito público de carácter administrativo, que ten personalidade xurídica e patrimonio propios. A Estación Fitopatolóxica Areeiro (en adiante EFA), centro pertencente á Deputación de Pontevedra, conta nas súas instalacións cun Laboratorio de Fruticultura e Ornamentais, ademais de plantacións de diversas froiteiras tanto propias como introducidas, e camelias, entre as que destaca a de *Camellia sinensis* para a produción de té galego.

Neste sentido, trabállase na selección dos clons mellor adaptados e mais produtivos nas nosas condicións edafoclimáticas, na elaboración de distintos tipos de té e na produción de metabolitos secundarios para o diferentes usos (medicina, nutrición, cosmética, etc.).



A empresa Orballo Innovaciones Forestales, S.L. (en adelante Orballo) solicitou a colaboración coa Estación Fitopatolóxica Areeiro no proxecto denominado “EMPLEO DE MODELOS MATEMÁTICOS EN PRODUCTOS NUTRACÉUTICOS A BASE DE TÉ Y LÚPULO” para o que optou ás axudas no marco do programa para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 e que se convocaron para o ano 2021 (DOG nº33 del 18 de febreiro de 2021).

O convenio entrou en vigor o día 14 de decembro de 2021 e finalizou o 31 de xullo de 2023.

O obxectivo xeral deste proxecto foi o desenvolvemento de produtos nutracéuticos con capacidades antioxidantes, antidiabéticas e antiinflamatorias, formados por dúas materias primas importantes a nivel da saúde, como son as follas de *Camellia sinensis* (coas que se elabora o té) e as inflorescencias de *Humulus lupulus* (lúpulo).

Orballo abonou, en cumprimento deste convenio, a cantidade de 14.935,80 €, máis o IVE correspondente conforme ao seguinte cronograma:

- Segunda anualidade: 10.671,17 € máis o IVE correspondente, no mes de setembro de 2022.
- Terceira anualidade: 4.264,63 € máis o IVE correspondente, no mes de xuño de 2023.

Tanto a memoria de fin de proxecto como as actas das comisións de seguimento figuran no expediente correspondente de cividas.

Asinado dixitalmente

M^a del Carmen Salinero Corral”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da finalización do proxecto referido “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PROXECTO “AVALIACIÓN COMO AXENTE DE BIOCONTROL DO EXTRACTO NATURAL OBTIDO A PARTIR DO RESIDUO DO



PRENSADO DE SEMENTES DE CAMELLIA SP. NA PRODUCCIÓN DE PLANTA DE VIVEIRO” (expte.: 2021026781)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción comunitaria, impulso rural e medio ambiente, da finalización en xullo de 2023 do convenio seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A EMPRESA GALIPLANT ORNAMENTAL S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “AVALIACIÓN COMO AXENTE DE BIOCONTROL DO EXTRACTO NATURAL OBTIDO A PARTIR DO RESIDUO DO PRENSADO DE SEMENTES DE CAMELLIA SP. NA PRODUCCIÓN DE PLANTA DE VIVEIRO” (EXPTE. - 2021026781).

A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia a tecnoloxía e a innovación; a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento á investigación e á innovación de Galicia, e a Lei 6/2001 Orgánica de Universidades constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación, empresas e entidades sen ánimo de lucro, coa fin de dar una resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico.

A Estación Fitopatolóxica Areeiro (en adiante EFA) é un centro pertencente á Deputación de Pontevedra, dedicado á investigación práctica e o diagnóstico de enfermidades de plantas agrícolas e forestais. Ademais, traballa na introdución e conservación de frutais e especies ornamentais, así como no diagnóstico da fertilidade e idoneidade dos solos para diferentes cultivos, destacando na área de ornamentais, o cultivo da camelia afondando no estudio do cultivo, propagación, fenoloxía, pragas e enfermidades, localización, identificación e conservación de exemplares antigos, caracterización e identificación morfolóxica e molecular de cultivares e cada vez se da máis importancia a os métodos de obtención dos diferentes produtos de ela obtidos e a seus usos na industria alimenticia, cosmética e de turismo.

A empresa Galiplant Ornamentales, S.L. (en adiante Galiplant) solicitou a colaboración da Estación Fitopatolóxica Areeiro no proxecto denominado “EVALUACIÓN COMO AGENTE DE BIOCONTROL DEL EXTRACTO NATURAL OBTENIDO A PARTIR DEL RESIDUO DEL



PRENSADO DE SEMILLAS DE CAMELLIA SP. EN LA PRODUCCIÓN DE PLANTA DE VIVERO ” para o que optou, como líder do proxecto e xunto coas entidades colaboradoras Fauna Útil SL e Estación Fitopatolóxica Areeiro ás axudas no marco do programa para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014 - 2020 e que se convocaron para o ano 2021 (DOG nº33 del 18 de febreiro de 2021).

O convenio referido entrou en vigor o 15 de decembro de 2021 (día seguinte da súa sinatura) e finalizou o 31 de xullo de 2023.

O obxectivo xeral deste proxecto é avaliar, en condicións de laboratorio e en campo, o comportamento como axente de control biolóxico do extracto obtido a partir do residuo sólido, resultante do prensado en frío da semente de Camellia sp. na extracción de aceite Galiplant abonou, en cumprimento deste convenio, a cantidade de 6.555,00 €, máis o IVE correspondente conforme ao seguinte cronograma:

- Segunda anualidade: 4.255 € máis o IVE correspondente, no mes de setembro de 2022.
- Terceira anualidade: 2.300 € máis o IVE correspondente, no mes de xuño de 2023.

Tanto a memoria de fin de proxecto como as actas das comisións de seguimento figuran no expediente correspondente de cividas.

Asinado dixitalmente

M^a del Carmen Salinero Corral”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da finalización do proxecto referido “ut supra”.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O secretario da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marcos Areán González

